



foto: Mariona Flibalta

**Joan Margarit i Consarnau naceu en Sanaüja (la Segarra, Lleida) en 1938. Arquitecto, Catedrático xubilado de Cálculo de Estructuras da Universidad Politécnica de Catalunya, é tamén un dos poetas máis salientables, prolíficos e laureados da poesía actual en catalán. Publicou, en edición bilingüe con versións en castelán do propio autor (agás *Edat roja*, dentro de *El primer frío*, versión de Antonio Jiménez Millán) os seguintes libros: *El primer frío: Poesía 1975-1995* (2004), *Estació de França* (1999), *Joana* (2002), *Cálculo de estructuras* (2005), *Casa de Misericordia* (2007), *Misteriosamente feliz* (2009) e *Nuevas cartas a un joven poeta* (2009).**

**Dentro da literatura catalá, fóronlle concedidos os Premios Miquel de Palol e Vicent Andrés Estellés de 1982, o Premio Carles Riba de 1985, o Premio da Crítica Serra d'Or de 1982, 1987 e 2007, o Gabriel Ferrater de 2007, o Premio Cavall Verd de 2008 e o Premi Nacional de Literatura de la Generalitat de Catalunya, tamén de 2008.**

**Por outra banda, no ámbito do Estado Español, outorgáronselle o Premio Nacional da Crítica de 1984 e de 2008, o Premio Rosalía de Castro de 2008 e o Premio Nacional de Poesía dese mesmo ano.**

#### RETORN

*La lluna aporta el seu prestigi antic a aquest petit abocador apartat, clausurat, i que mira vers la vall on, llunyans, parpellegen alguns pobles. Quan veníem de nit a llençar escombraries ens quedàvem a veure el firmament. Sota la lluna, el vell abocador ara és cobert de romaní i espígol: hi ha una remor de bèsties creuant el sotabosc, mussols enlluernats pels fars del cotxe. Però no té ja aquella força de quan ens hi quedàvem a mirar, voltats d'escombraries, les estrelles.*

#### RETORNO

*La luna aporta su prestigio antiguo al pequeño, apartado vertedero que, clausurado ya, mira hacia el valle donde tiemblan las luces distantes de unos pueblos. Cuando veníamos de noche a tirar la basura, nos quedábamos a ver el firmamento. Bajo la luna, al viejo vertedero hoy lo cubren espliegos y tomillos: hay un rumor de bestias cruzando matorrales, los búhos deslumbrados por los faros del coche. Pero no tiene ya la misma fuerza de cuando nos quedábamos aquí para mirar, rodeados de basura, las estrellas.*

19 de xaneiro de 2010  
Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

# Xosé María Álvarez Cáccamo

## Poetas di(n)versos

Gráficas Mera C 9-2010

Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)



Concello da Coruña  
Concellaría de Cultura



foto: Paco Vilabarro

**Xosé María Álvarez Cáccamo**  
(Vigo, 1950). É profesor de Literatura,  
poeta e crítico literario. Así mesmo,  
é autor de narrativa, teatro, literatura  
infantil, de poemas-obxecto e visuais.

Como poeta recibiu o Premio Esquíu  
de 1986, o Premio da Crítica Española  
do 87 e o da Crítica de Galiza do 98,  
o González-Garcés de 1999, o Premio  
Arume de Poesía para nenos en 2001,  
o Premio da AELG no 2004  
e o Irmandade do Libro no 2007.

É autor dos poemarios: *Praia das  
furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza*  
(1985), *Os documentos da sombra*  
(1986), *Luminoso lugar de abatimento*  
(1987), *Cimo das idades tristes* (1988),  
*Fragments de mar* (1989),

*O lume branco* (1991), *Colección  
de espellos* (1994), *A escrita das aves de  
marzo* (1997), *Calendario perpetuo* (1997),  
*Os cadernos da ira* (1999), *Vocabulario das  
orixes* (2000), *Depósito natural* (2002),  
*Vilar dos fillos* (2004) e *Vento de sal* (2008).  
En *Ancoradoiro. Obra poética* (1983-2003)  
recóllese a súa poesía publicada até o momento.

Como narrador publicou varios libros  
de relatos, e un compendio autobiográfico  
titulado *Memoria de poeta* (2006). As súas  
colaboracións críticas están dedicadas  
fundamentalmente á poesía galega  
da segunda metade do século XX e foron  
recollidas no libro *Espazos do poema* (2009).

*Fillos nictálopes*  
que en pés de gasa branca percorredes o silencio preto  
e abrides unha porta antiga no alto dun armario  
por onde se entra á casa do meu soño,

*fillos, sede prudentes*  
se, como morcegos a construír a urda da razón da noite  
ou gatos a uliscar no verniz das caixas silandeiras,  
alcanzades os lindes dun instante de fósforo,  
a torre dos paxaros, que morre en pozo triste.

*Agardade, sentados fronte ao mar da galería,*  
*a que os barcos dispoñan letra de vento exacto*  
*e deiten sobre as ondas unha tintura branda*  
*de augas de mel. Quedos e de mans dadas,*  
*mentres cantades formas sen raíz,*  
*ides sentir o cristal rumor da nai que trae o día*  
*e cun fío de arame, cego, lene,*  
*baixa dos montes a primeira luz.*

*Daquela empeza o mundo de ollos verdes*  
*e o tempo non ten ángulos e vós*  
*sodes a cor do mundo, nictálopes felices.*

19 de xaneiro de 2010  
Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

## Joan Margarit

### Poetas di(n)versos



Concello da Coruña  
Concellaría de Cultura